

SAMAÍN



Concurso de Cabazas de Samaín.

Obradoiro de cabazas

O martes 29 de outubro de 2024, de 17:00-19:00 realizarase un obradoiro de decoración de calacús no que participarán profesorado-familias-alumnado.

Só as cabazas que se realicen neste obradoiro participarán no concurso.

O obxectivo principal desta actividade é a de pasar un día de convivencia entre alumnado-profesorado e familias, co gallo do Samaín.

AS BASES PARA PARTICIPAR SON AS SEGUINTE:

1. O ALUMNADO QUE VEÑA A REALIZAR O SEU CALACÚ VIRÁ ACOMPAÑADO DUN ADULTO RESPONSABLE. UN ADULTO PODE ESTAR A CARGO DE 3 ALUMNXS.
2. AS CABAZAS REALIZADAS DEBEN SER TOTALMENTE COMPOSTABLES, POLO QUE SÓ SE EMPREGARÁN MATERIAIS QUE SEXAN DE REFUGALLO PARA A DECORACIÓN.
3. CADA PARTICIPANTE DEBE TRAER A SÚA CABAZA E O MATERIAL NECESARIO PARA DECORALA.
4. O PROFESORADO DA ESCOLA, AXUDARÁ AS FAMILIAS E ALUMNADO NO PROCESO DE DECORACIÓN DAS CABAZAS.
5. AO REMATAR O OBRADOIRO, AS CABAZAS QUEDARÁN SITUADAS NO LUGAR DESTINADO Á EXPOSICIÓN DO CONCURSO.
6. O DÍA 30 DE OUTUBRO ALUMNADO E PROFESORADO VOTARÁ AS CABAZAS QUE MÁIS LLES GUSTEN.
7. HABERÁ DIFERENTES CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN: ED. INFANTIL, 1º CICLO (1º E 2º CURSO DE PRIMARIA), 2º CICLO (3º E 4º DE PRIMARIA) E 3º CICLO DE PRIMARIA (5º E 6º DE PRIMARIA). EN CADA CATEGORÍA HABERÁ UN PREMIO ÚNICO.
8. AO REMATAR O DÍA 30 DE OUTUBRO, AS PERSOAS PARTICIPANTES QUE O DESEXEN PODERÁN RECOLLER A SÚA CABAZA.



ANIMÁDEVOS A PARTICIPAR! HABERÁ
PINTACARAS
E OUTRAS SORPRESAS TERRORÍFICAS.